

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA**

Dona Gemma Soto Pérez, con DNI 32753737N, en representación do Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (SEPGA), con correo electrónico a efectos de notificacións **sindicato-sepga@xunta.gal** comparece e **MANIFESTA**

Primeiro.- Que como resultado das eleccións a Órganos de representación dos funcionarios públicos que tiveron lugar o 11 de abril de 2019, o sindicato SEPGA acadou representación nas Xuntas de Persoal da Coruña, Lugo, Pontevedra e Servizos Centrais, cun total de 19 representantes, o que supón máis do 10% do total de representantes dos traballadores.

As ditas Xuntas de Persoal xa foron constituídas en tempo e forma, cos representantes deste sindicato segundo as listas de persoas candidatas presentadas no seu día.

Segundo.- Que con data 31 de outubro de 2008, asínase por parte da administración e as OOSS correspondentes, o **ACORDO PARA A ORDENACION E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS NO AMBITO DA XUNTA DE GALICIA.**

Terceiro.- Que dito Acordo recolle as citadas condicións referidas en exclusiva ao personal funcionario dos SSVVOO, **excluíndo ao persoal laboral.** No apartado, **REXIME DO PERSOAL LABORAL**, recóllese expresamente que, o persoal veterinario laboral réxese polo establecido no Convenio Colectivo Único do persoal da Xunta de Galicia. O seu réxime retributivo será o que establece o Convenio aplicando os pluses e demais conceptos retributivos que do desempeño da profesión se puideran derivar...

Cuarto.- Que de acordo co anteriormente exposto, o sindicato SEPGA se atopa habilitado para solicitar a adhesión ao dito Acordo, ao afectar directamente aos intereses do persoal funcionario público da Xunta de Galicia.

Polo exposto,

SOLICITO, que teña por presentado este escrito no nome e representación indicadas e, de conformidade co expresado, teña por **solicitada a adhesión do Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (SEPGA) ao “ACORDO PARA A ORDENACION E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS NO AMBITO DA XUNTA DE GALICIA”**, para que logo dos trámites preceptivos sexa de aplicación o contido do dito acordo respecto deste sindicato así como que **toda discusión relativa ao contido do mesmo sexa realizada no ámbito do persoal que contempla, Comisión de seguimento ou no seu caso, na Mesa Sectorial de Funcionarios.**

Manténdonos á espera da súa resolución, Atte/:

O Comité executivo SEPGA